



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 45 – XANEIRO 2009

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### ASAMBLEA XERAL

O próximo **7 de marzo de 2009** OVICA celebrará en Lugo a **Asamblea Xeral Ordinaria** correspondente ó exercicio 2008. A finais de febreiro enviaranse por correo mais detalladamente as convocatorias, xunto coa orde do día, a tódolos socios. ¡Recorda que é importante a túa asistencia!

### LEXISLACION

#### CONSELLERIA DO MEDIO RURAL

##### • ORDE DO 19 DE XANEIRO DE 2009

Axudas para o fomento das producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable (CES).

##### • ORDE DO 29 DE XANEIRO DE 2009

Aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009

(Solicitud Unificada da PAC: prazo ata 30 de abril)

#### CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E DESENV. SOSTIBLE

##### • ORDE DO 2 DE XANEIRO DE 2009

Axudas destinadas a proxectos de mellora da xestión ambiental dos subprodutos das explotacións gandeiras.

¡Prazo ata 12 de febreiro de 2009!

##### • ORDE DO 19 DE XANEIRO DE 2009

Axudas para a prevención de ataques de lobo ao gando.

¡Prazo ata o 23 febreiro de 2009!

##### • ORDE DO 19 DE DECEMBRO DE 2008

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo.

#### CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PUBLICAS E XUSTIZA

##### • DECRETO 13/2009, DO 29 DE XANEIRO DE 2009

Medidas urxentes para a reparación dos danos causados polo temporal acaecido en Galicia a partir do 23 de xaneiro.

#### CONSELLERIA DE TRABALLO


##### • ORDE DO 30 DE DECEMBRO DE 2008

Programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias. ¡Prazo ata o 30 de setembro de 2009!

#### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO

Resolución de 13 de xaneiro de 2009, da Secretaria de Estado de Medio Rural y Agua, pola que se publica a convocatoria do Premio «Alimentos de España al Mejor Queso: año 2009». ¡Prazo ata 17 de abril de 2009!

### RAZA: BLEU DU MAINE



Raza orixinada i extendida polas rexións francesas de Maine, Loira, Mayenne e Sarthe, froito de cruces dunha antiga raza local con carneiros ingleses Leicester e Wensleydale. A pel é de cor azul escuro e a la de cor branca.

O censo estimado é dunhas 47.000 reproductoras distribuídas en pequenos rabaños empregados como produción complementaria do gando bovino.

Raza de aptitude cárnica, prolífica, precoz, e boa aptitude maternal.

Prolificidade: 1.88

Ganancia media diaria:

- 10-30 días (parto dobre): 258 g

- 30-70 días (parto simple): 317 g

Peso carneiros: 110 a 120 kg

Peso ovellas: 80 a 90 kg



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA - VENTA

- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldelas, Ourense). Tfno.: 659 083 339 – 628 474 264, vende:
  - Cabritos vivos, de poucos días (20 €/ud), cabritas raza murciano – granadina (135 €/ud).
  - Esterco de cabra.
- A partir de xaneiro, véndense años de varios días de explotación de ovino de leite O Rexo (Allariz, Ourense) Prezo 15 euros/unidade. Contacto: 687418518 (Xosé)
- Véndese esterco de ovella, en Maceda (Ourense). Tfno.: 659325161 (Miguel)
- Véndese explotación de ovino/caprino: 220 ovelas e 4 machos; 130 cabras e 4 machos; 1 mastín e 1 *Border collie*, nave de 1200 m<sup>2</sup>, instalacións, maquinaria e apeiros varios.  
Venta en conxunto ou por separado. Tfno.: 988335701 (Javier)
- Véndense 196 ovelas Assaf en produción, 100 años e 240 dereitos. Tfno.: 637448572 (Silleda)
- Véndense 150 ovelas de leite (Assaf) e 100 cabras de leite (Alpina) en Silleda Tfno.: 605037405
- Transfírense 10 dereitos de prima. Tfno.: 988424546 (Cualedro)
- Transfírense 36 dereitos de prima. Tfno.: 982151151 (As Nogais)
- Ofrecece pastor con experiencia. Tfno.: 980632048 (Roberto)

## ATENCIÓN AO CORDEIRO E CABRITO NEONATO

Os animais recen nacidos merecen unhas sinxelas pero importantísimas atencións que evitarán problemas a curto e longo prazo. Entre elas imos detallar a continuación as mais importantes a poñer en práctica e engadilas a nosa dinámica habitual traballo.

### 1. Limpeza e desinfección dos currais de parto.

Debe efectuarse un vacío sanitario e limpar e desinfectar con produtos axeitados as instalacións antes da chegada dos partos.

### 2. Supervisión dos partos

Non permitir que os partos sexan moi prolongados pois poden conducir a unha hipoxemia aguda (falta de osíxeno no sangue) e hipotermia que provocara a morte dos animais ou unha debilidade que non permita ao animal a toma necesaria do costro.

### 3. Evitar a hipotermia (por frío ou desnutrición)

É unha das principais causas de morte nos cordeiros, e debémola evitar mantendo as camas limpas e secas, observando aos animais, asegurándonos de que os cordeiros maman das súas nais e usando un biberón nos casos nos que non sexa así.



### 4. Desinfección do cordón umbilical

DEBEMOLO REALIZAR SEMPRE! para evitar múltiples enfermidades. Débese realizar o mais axiña posible despois do parto, cortando o embigo antes de que este seco cunha tesoura limpa a 1-2 cm. do abdome e introducindo 1-2 ml de solución iodada ou similar (non irritante) no seu interior.

### 5. Toma de costro

Asegurarnos sempre de que o pequeno mama o costro da nai nas primeiras horas despois do parto.

### 6. Control da alimentación da ovella nai no postparto.

Os empachos en cordeiros novos son moi frecuentes e moi graves i é preciso solucionalo axustando a ración da nai en función das necesidades do fillo. Cando se suplementa ás nais para aumentar a produción de leite e bo facelo a partires dos 15 días do parto. Deste xeito evitamos os empachos nos primeiros días de vida e que soen desembocar en diarreas i en ocasións na morte do cordeiro.



Un Técnico de OVICA asistiu á "JORNADA REPROLOGY DE GESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DE EXPLOTACIONES DE OVINO LECHERO" celebrada en Tordesillas (Valladolid) o pasado 28 de xaneiro.

A participación implicou a formación dos técnicos, a posta en común da situación do sector e poder explicar ó resto de técnicos presentes as características do sector en Galicia.



**AD SG ACIVO**  
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira  
de ovino e caprino de Galicia

**OVICA**  
evolución na calidade